



DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense 13 de xullo de 2017

Visto o informe-proposta elaborado polo Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, de data 10 de xullo, refrendado pola Sra. Concelleira Delegada de Facenda, en relación coa solicitude de aprobar unha xeración de crédito feita pola Concellería de Turismo e Termalismo, mediante providencia de data 06 de xullo, en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 05 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como o artigo 16º das Bases de Execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO:**

1.- Aprobar a modificación orzamentaria 18-X/2017, utilizando a figura das xeracións de crédito, de acordo co seguinte detalle:

APLICACIÓN DOS FONDOS		
APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
N210.4320.22608	Gastos de marketing e dinamización do produto turístico	3.000,00 €
TOTAL.....		3.000,00 €

ORIXE DOS FONDOS		
CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
45047	Subv. Xunta promoción festas magostos e maíos	3.000,00 €
TOTAL.....		3.000,00 €

2.- Crear o seguinte proxecto específico de gasto:

Código: 17.2.21.01

Título: Promoción apoio e difusión das festas de interese turístico de Galicia, Maíos 2017

Importe: 10.000,00 €

Período de execución: 2017

Aplicación orzamentaria de gasto:

N210.4320.22608 Gastos de marketing e dinamización do produto turístico 10.000,00 €

Financiación:

Subv. Xunta festas magostos e maíos (concepto de ingresos 45047): 3.000,00 €

Concello de Ourense (recursos propios): 7.000,00 €

Axente: Xunta de Galicia (S1511001H): 3.000,00 €

Vinculación: Cualitativa e cuantitativa

3.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos.

O manda e asina o Excmo. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, accidental, dou fe.